

Guía de agricultura ecológica



GUÍA DE AGRICULTURA ECOLÓXICA

Aqueles produtores que estean interesados en acollerse á agricultura ecolóxica, teñen nesta guía as directrices básicas sobre produción ecolóxica, as súas vantaxes, regulación, etc. así como a información necesaria para realizar diferentes cursos de formación que ofrece o Plan Integral.



MATERIAL DE SENSIBILIZACIÓN

PERTENCENTE AO PLAN INTEGRAL

DE AGRICULTURA ECOLÓXICA

PLAN INTEGRAL PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DO SECTOR AGRÍCOLA, GANDEIRO E AGROFORESTAL





ÍNDICE

- 06** ¿Que é a agricultura ecolóxica?
- 08** A agricultura ecolóxica en Lugo.
- 10** ¿Por qué pasarse á agricultura ecolóxica?
- 11** Regulación da produción ecolóxica.
- 12** Condicións da agricultura ecolóxica
 - 12 Principios xerais
 - 13 Fertilización e solo
 - 13 Control de pragas e enfermidades
 - 13 Control de malas herbas
 - 13 Sementes e plantas
- 14** Función da agricultura ecolóxica na cadea de subministro
- 15** Fórmate en agricultura ecolóxica
 - 16 Oferta formativa
 - 21 Características de formación
 - 22 Destinatarios dos cursos
 - 22 Contacta
- 23** Anexo: Normativa sobre produción ecolóxica



¿QUE É A AGRICULTURA ECOLÓXICA?

A agricultura ecolóxica é un sistema de produción agrícola que proporciona ao consumidor alimentos frescos, sabrosos e auténticos ao tempo que respecta os ciclos vitais dos sistemas naturais.

A Produción Ecolóxica é unha das formas de produción sostible máis desenvolvida. Este sistema baséase na utilización óptima dos recursos naturais, sen usar produtos químicos de síntese (conseguidos en laboratorio) nin para aboado nin para combater pragas, ou organismos modificados xeneticamente (OMGs), logrando desta forma obter alimentos orgánicos á vez que se conserva a fertilidade da terra e se respecta o medio ambiente, todo de maneira sostible e equilibrada.

A Agricultura ecolóxica regúlase por uns principios básicos que poden ser resumidos da forma seguinte:



O solo é un medio vivo e dinámico.

A gran diferenza entre a agricultura ecolóxica e a convencional é a maneira de tratar o solo. Para a agricultura ecolóxica, o solo é un sistema bioloxicamente activo e o seu elemento máis importante. Para a agricultura convencional o solo é un mero soporte mecánico da planta.

O solo posúe unha ampla e diversificada fauna e flora, e que é o soporte da transformación da materia orgánica e do ciclo dos nutrientes. Os agricultores ecolóxicos non só pretenden perturbar o solo o menos posible, senón tamén alimentalo correctamente. Isto lógrase mediante os compost, abonos verdes, rotación de cultivos, etc.

Un solo bioloxicamente equilibrado produce plantas saudables, produtivas e a produción de alimentos é de maior valor biolóxico.

Sistemas de produción diversificados.

Os sistemas de produción modernos, con monocultivos, teñen creado un crecente desequilibrio biolóxico e ecolóxico. Sen embargo, os sistemas ecolóxicos son contrarios a estes monocultivos e promoven a diversificación e a integración das actividades vexetais e animais, incluíndo a forestal. A diversificación das explotacións contribúe á manutención e recuperación da materia orgánica e da produtividade dos solos, reduce a incidencia de pragas e enfermidades, así como a presenza de plantas invasoras proporcionando unha maior estabilidade biolóxica dos sistemas agrarios. Por outro lado a diversificación reduce os riscos económicos dos produtores e axúdaos a equilibrar os gastos e a distribuír o esforzo de traballo dispoñible de forma máis homoxénea ao longo do ano.

Protección das plantas

cultivadas.

A base da protección das plantas é que estas sexan nutridas correctamente, o que lles permitirá desenvolver un metabolismo equilibrado e saudable.

É indispensable manter un solo bioloxicamente activo e equilibrado, así coma sistemas de cultivos e manexo da vexetación natural que permitan a existencia dunha fauna variada onde abunden os organismos chamados controladores biolóxicos.

Neste sentido a agricultura ecolóxica utiliza unha serie de prácticas, como o control biolóxico, o emprego de substancias naturais procedentes de plantas ou minerais, o uso de variedades resistentes, e diferentes prácticas culturais, para lograr un control ecolóxico de pragas, enfermidades e malas herbas.

Para o agricultor ecolóxico, as categorías de malas herbas e pragas redúcense, ao comprender que a presenza de estas non é máis que un sinal da ruptura do equilibrio biolóxico e dun mal manexo dos sistemas polo agricultor.

Conservar a natureza e restablecer os equilibrios naturais é fundamental.

Os agricultores ecolóxicos tratan de preservar os elementos do medio natural e de restablecer os equilibrios biolóxicos nos seus campos de cultivos.

Neste sentido as fincas ecolóxicas deben ser arborizadas de forma conveniente así como manter vexetación natural nos lindes dos campos, principalmente con especies que florezan durante o maior tempo posible, xa que constitúen refuxio, zonas de reprodución e alimento para a fauna benéfica, que será a que terá baixo control a aqueles organismos que se poden transformar en pragas.

A Produción Ecolóxica é unha das formas de produción sostible máis desenvolvida. Este sistema baséase na utilización óptima dos recursos naturais, sen usar produtos químicos de síntese (conseguidos en laboratorio) nin para abonado nin para combater pragas, ou organismos modificados xeneticamente (OMGs), logrando desta forma obter alimentos orgánicos á vez que se conserva a fertilidade da terra e se respecta o medio ambiente, todo de maneira sostible e equilibrada.

A Agricultura ecolóxica regulase por uns principios básicos que poden ser resumidos da forma seguinte:

A AGRICULTURA ECOLÓXICA EN LUGO.


O crecemento da agricultura ecolóxica está creando novas oportunidades de emprego e riqueza para as economías rurais, e contribúe, ademais, ao mantemento e á mellora das paisaxes rurais.

En Galicia a regulación da produción agrícola ecolóxica faise a través do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA), que vela polo cumprimento da normativa e constitúe o único organismo oficial encargado da certificación na nosa Comunidade Autónoma.

Segundo este organismo, a provincia de Lugo é a segunda con maior superficie inscrita no Consello Regulador, superada apenas pola provincia de Ourense.

No 2011, a superficie total inscrita en Galicia foi de máis de 15.300 hectáreas cultivadas, cifra que vai aumentando ano a ano.

PROVINCIA	SUPERFICIE (HA)	% TOTAL
A Coruña	1.033,67	6,8 %
Lugo	6.491,47	42,4 %
Ourense	6.658,18	43,5 %
Pontevedra	1.119,61	7,3 %
GALICIA	15.302,93	



Fonte: Craega

A distribución desa superficie na provincia de Lugo inscrita nos distintos tipos de cultivos é a que se mostra no cadro seguinte:

TIPOS DE CULTIVO	LUGO	SUPERFICIE TOTAL
Cultivos de terras arables	63,87	192,50
Cereais	31,45	103,39
Legumes secas	1,04	1,74
Hortalizas e tubérculos	17,96	71,58
Medicinais e aromáticas	10,52	11,73
Sementes e viveiros	2,90	4,05
Cultivos permanentes	1.870,22	2.574,76
Froiteiras	145,14	229,87
Oliveiras	0,20	9,01
Vide	8,42	53,62
Bosque e recolleita silvestre	303,70	784,78

Fonte: Craega

Lugo conta con máis da metade dos produtores ecolóxicos de Galicia, o que da idea do gran papel que ten esta provincia na produción ecolóxica galega.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	GALICIA
Produtores	76	241	73	78	468
Elaboradores	14	24	13	27	78
Importadores	0	1	0	0	1
Outros (comercializadores)	0	0	0	0	0
TOTAL OPERADORES	87	257	83	101	528
Superficie calificada (Ha)	774,89	4.752,76	4.929,71	351,53	10.808,89
Superficie calificada en conversión (Ha)	225,45	626,73	559,68	41,33	1.453,19
Sup. calificada en 1º ano de prácticas (Ha)	112,74	346,67	1.389,98	126,06	1.975,45
SUPERFICIE TOTAL INSCRITA (Ha)	1.113,08	5.726,16	6.879,37	518,92	14.237,53

Fonte: Xunta de Galicia 2009.



¿POR QUÉ PASARSE Á AGRICULTURA ECOLÓXICA?

O consumo de produtos ecolóxicos segue aumentando posto que o consumidor esixe a máxima calidade nos alimentos, e dada a crecente sensibilización social cara temas medioambientais, tamén valora que o sistema de produción sexa compatible co medio ambiente. Certificar a explotación agraria como ecolóxica supón un valor engadido á produción ao ofrecer alimentos saudables e de calidade. Se isto se realiza ademais mediante un sistema respectuoso co medio ambiente ten ademais a súa compensación.

A reforma da Política Agraria Común e o Programa de Desenvolvemento Rural van encamiñados a fomentar as producións de calidade ligadas ao territorio e compatibles co medio ambiente, onde a gandería e

a agricultura ecolóxica teñen un papel fundamental. En agricultura ecolóxica existen axudas interesantes. As primas e subvencións poden consultarse na Consellería de Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia ou tamén no CRAEGA (Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia), para calquera información sobre axudas, normativa e tramitación para a produción agraria ecolóxica.

Ademais da rendibilidade e os beneficios económicos, é importante a satisfacción persoal dos agricultores que realizan a conversión a produción ecolóxica, posto que saben que ofrecen alimentos sans e contribúen ao desenvolvemento sostible do medio rural.

REGULACIÓN DA PRODUCCIÓN ECOLÓXICA

A agricultura ecolóxica atópase regulada legalmente en España desde 1989, no que se aprobou o Regulamento da Denominación xenérica “Agricultura Ecolóxica”, que foi de aplicación ata a entrada en vigor do Regulamento (CEE) 2092/91 sobre a produción agrícola ecolóxica e a súa indicación nos produtos agrarios e alimenticios.

Actualmente, dende o 1 de xaneiro de 2009, a produción ecolóxica atópase regulada polo Regulamento (CE) 834/2007 do Consello sobre produción e etiquetado dos produtos ecolóxicos e polos Regulamentos: R(CE) 889/2008 da Comisión, con respecto á produción ecolóxica, o se etiquetado e control e R(CE) 1235/2008 da Comisión polo que se establecen as disposicións de aplicación do R(CE) 834/2007, no que se refire ás importacións de produtos ecolóxicos procedentes de terceiros países.

En España, o control e a certificación da produción agraria ecolóxica é competencia das Comunidades Autónomas e lévase a cabo maioritariamente por autoridades de control públicas, a través de Consellos ou Comités de Agricultura Ecolóxica territoriais que son organismos dependentes das correspondentes Consellerías ou Departamentos de Agricultura.

Como distintivo para que o consumidor poida distinguir no mercado os produtos da agricultura ecolóxica, todas as unidades envasadas, ademais da súa propia marca e algunha das mencións específicas da agricultura ecolóxica, levan impreso o código da autoridade e organismo de control ou un logo específico, co nome e o código da entidade de control. Tamén pode ir impreso o logo comunitario da AE.



Logo comunitario da AE

Todo elo significa que a finca ou industria onde se produciu ou elaborou o produto, está sometida aos controis e inspeccións correspondentes. Constitúe, á súa vez, a única garantía oficial de que o produto responde á calidade suposta polo consumidor e cumpre as normas establecidas.

En Galicia a regulación da produción agrícola ecolóxica faise a través do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA) que se atopa en Monforte de Lemos, que vela polo cumprimento da normativa e constitúe o único organismo oficial encargado da certificación na nosa Comunidade Autónoma (www.craega.es).



Logo da agricultura ecolóxica de Galicia

CONDICIÓN DA AGRICULTURA ECOLÓXICA



1.

PRINCIPIOS XERAIS

A agricultura ecolóxica ten moí en conta a diversidade para o funcionamento do ecosistema, pois permite un aproveitamento óptimo dos diferentes recursos que ten á súa disposición, tales como o solo, a auga, o espazo ou a luz. Sen embargo, nos ecosistemas agrarios téndese a simplificar, mantendo as poucas especies obxecto do cultivo. Para evitar isto, débese mellorar a diversidade da explotación mediante as seguintes técnicas:

- Rotacións: alternar plantas de diferentes familias durante os distintos ciclos, como prerrequisito para o uso eficiente dos recursos in situ.
- Asociacións: cultivar de forma simultánea varias especies na mesma parcela.
- Sebes: crear sebes vivas, poden ser con arbustos, árbores ou con ambos.
- Vexetación de marxes: potenciar que a flora das marxes, sebes, etc. sexa abundante e variada.
- Flora espontánea: as herbas non sempre son prexudiciais, en moitos casos apórtannos numerosos beneficios como a mellora da diversidade.

Aínda que cada cultivo ten as súas directrices, hai unha serie de aspectos comúns que deben de terse en conta tanto para diminuír os custos de produción, debido á diminución de insumos innecesarios, como para a súa compatibilidade coa protección e conservación dos recursos.



2.

FERTILIZACIÓN E SOLO

O solo, aparte de estar constituído por materia mineral, tamén está constituído por materia orgánica, da cal depende principalmente a fertilidade dun solo. A materia orgánica é indispensable nos solos, xa que a súa presenza determina o medio físico, químico e biolóxico sobre o que se desenvolven as plantas. Na agricultura ecolóxica non é tan importante as necesidades do cultivo senón as necesidades do solo, para o cal se seguen as seguintes prácticas:

Abonos orgánicos como esterco, compost, restos de colleitas...

Abonos verdes (cultivos que se enterrarán e farán a función de abono)

Aportes minerais naturais en caso de carencias (arxilas, po de roca, fosfato, carbonato, sulfato, etc)

Preparados vexetais a partir de plantas e extractos de algas e preparados a partir de microorganismos autorizados.

3.

CONTROL DE PRAGAS E ENFERMIDADES

A día de hoxe hai outros métodos alternativos ao uso de produtos químicos coma o control biolóxico. Con esta técnica contrólanse as pragas a través de insectos, ácaros, etc. que actúan como depredadores das pragas e son inofensivos para as plantacións, reducindo así o uso de praguicidas.

4.

CONTROL DE MALAS HERBAS

Na agricultura ecolóxica non está permitido o uso de herbicidas de síntese polo que cabe actuar con medias de prevención e control:

Prevención: rotacións, falsas sementeiras, segas repetidas, non deixar que ase sementes broten no solo, abonado equilibrado, non deixar o solo espido, etc.

Control: desherbado mecánico, térmico, acolchados.

En canto aos métodos químicos, hai que aclarar que os que se poden empregar en agricultura ecolóxica baséanse na acción herbicida que teñen certas substancias naturais, como o propóleo, o extracto de eucalipto ou nogueira, certas crucíferas, etc.

5.

SEMENTES E PLANTAS

Loxicamente, as plantas e sementes a utilizar na agricultura ecolóxica teñen que proceder de métodos de produción ecolóxica, prohibíndose o uso de organismos modificados xeneticamente ou produtos derivados destes.





FUNCIÓN DA AGRICULTURA ECOLÓXICA NA CADEA DE SUMINISTRO

A agricultura ecolóxica tamén forma parte dunha longa cadea de subministración, na que se inclúe a elaboración de alimentos, a súa distribución e comercialización e, finalmente, o consumidor. Cada elo desta cadea está deseñada para achegar beneficios a grandes áreas, e nas que se inclúe:

Protección ambiental: os produtores ecolóxicos devolven o favor mantendo e mellorando os niveis naturais e a calidade dos devanditos recursos.

Benestar dos animais: os consumidores actuais esperan, como é lóxico, que os animais destinados á produción de alimentos gocen das necesidades básicas esenciais: boa alimentación, condicións de vida axeitadas e garantías sanitarias. Neste sentido, a agricultura ecolóxica adoptou uns principios básicos e unhas prácticas coidadosas a través das cales conseguir estes obxectivos.

Confianza do consumidor: os consumidores conforman o último elo da cadea de subministración dos produtos ecolóxicos. Nela ponse un especial coidado para garantir o abastecemento de alimentos de alta calidade, frescura e sabor que satisfagan as necesidades do consumidor.

Sociedade e economía: a agricultura ecolóxica crea fortes vínculos entre as áreas rurais e as grandes cidades, e aporta grandes beneficios sociais e económicos para os membros de estas comunidades.

Por iso, cada vez que compra unha mazá ecolóxica no supermercado, ou escolle un viño procedente de viñas ecolóxicas no menú do seu restaurante favorito, pode estar seguro de que eses produtos foron elaborados de acordo con normas estritas baseadas no respecto ao medio e aos animais.

FÓRMATE EN AGRICULTURA ECOLÓXICA

O “Plan Integral para o desenvolvemento sostible do sector agrícola, gandeiro e agroforestal” establecido no marco do proxecto LugO2 Provincial, pon a túa disposición unha serie de cursos de formación para potenciar a agricultura ecolóxica na provincia.

Tódolos cursos de formación están formados por dúas fases:

Fase I: accións formativas con clases teóricas e prácticas

Diferentes niveis de preparación en cursos de iniciación ou de perfeccionamento (Nivel Principiante, Nivel Avanzado).

Flexibilidade de horarios como a posibilidade de elixir o tipo de formación que mellor se adapte ás súas necesidades persoais: presencial, mixta e a distancia (con asistencia de titorías nos últimos dous casos).

Formación técnica complementada con clases prácticas.

Con material didáctico para o seguimento da ensinanza.

Fase II: proba piloto dun caso práctico de produción integral que recree o entorno ideal para desenvolver prácticas profesionais.



OFERTA **FORMATIVA**

CURSO DE AGRICULTURA ECOLÓXICA XERAL

1.

Perséguese a formación das persoas interesadas na produción agraria ecolóxica e o fomento de empregos ambientalmente sostíbles, posibilitando o aumento das oportunidades laborais capaces de sosterse no futuro, de maneira que o alumno coñeza os conceptos e prácticas máis importantes nos que se basea a agricultura ecolóxica.

Preténdese formar o alumno en todos aqueles conceptos teóricos e prácticos para realizar as operacións de manexo, mantemento, produción e recolección de cultivos nunha explotación agrícola ecolóxica, aplicando criterios de calidade, sustentabilidade e rendibilidade, cumprindo coa lexislación vixente de agricultura ecolóxica, de control de calidade e de prevención de riscos laborais vixentes.

PROGRAMA

TEORÍA

- Módulo 1: Introducción á agricultura ecolóxica
- Módulo 2: A importancia do factor solo
- Módulo 3: Fertilización na agricultura ecolóxica.
- Módulo 4: O cultivo na agricultura ecolóxica.
- Módulo 5: Control fitosanitario.
- Módulo 6: Seguridade e saúde no traballo.
- Módulo 7: Proceso de certificación ecolóxica
- Módulo 8: Mercado dos produtos ecolóxicos.

PRÁCTICA

- Práctica 1. Técnicas de mostraxe.
- Práctica 2. Análise práctica da textura e pH do solo.
- Práctica 3. Elaboración de compost.
- Práctica 4. Elaboración e aplicación de fitosanitarios.
- Práctica 5. Técnicas de trampeo e sistemas de control de control biolóxico.

OFERTA **FORMATIVA**

CURSO DE CASTAÑICULTURA

2.

O curso de castañicultura pretende dar resposta ás necesidades dun sector que conta cunha implantación xa numerosa de produtores ecolóxicos de castaña en Lugo (71 produtores), pero que ao mesmo tempo soamente son unha pequena parte dos existentes na provincia. O curso está destinado a todos eles e aos que queiran iniciarse na produción de castaña ecolóxica.

PROGRAMA

TEORÍA

- Módulo 1: Introducción á agricultura ecolóxica
- Módulo 2: Principios da agricultura sostible e de conservación.
- Módulo 3: O cultivo do castaño.
- Módulo 4: Coidados culturais nos castañaís.
- Módulo 5: Enfermidades e pragas.
- Módulo 6: Protección fitosanitaria.
- Módulo 7: Seguridade e saúde no traballo.
- Módulo 8: Proceso de certificación e mercado dos produtos ecolóxicos.

PRÁCTICA

- Práctica 1. Recoñecemento de variedades.
- Práctica 2. Técnicas enxerto e podas.
- Práctica 3. Recoñecemento de pragas e/ou enfermidades
- Práctica 4. Elaboración e aplicación de fitosanitarios caseiros.
- Práctica 5. Conservación de castañas

OFERTA **FORMATIVA**

CURSO DE FRUTICULTURA

3.

Tendo en conta que despois da castaña, a mazá é o produto ecolóxico con maior presenza na provincia de Lugo, elaborouse este curso destinado a todos aqueles que queiran especializarse na produción frutícola ecolóxica, sexa cal sexa o froito.

PROGRAMA

TEORÍA

- Módulo 1: Introducción á agricultura ecolóxica
- Módulo 2: Cultivo de árbores froiteiras
- Módulo 3: Fertilización.
- Módulo 4: Reprodución e multiplicación.
- Módulo 5: Poda e formación
- Módulo 6: Protección fitosanitaria
- Módulo 7: Seguridade e saúde no traballo.
- Módulo 8: Proceso de certificación e mercado dos produtos ecolóxicos.

PRÁCTICA

- Práctica 1. Técnicas de podas
- Práctica 2. Recoñecemento e manexo de pragas e/ou enfermidades
- Práctica 3. Sistemas de rego
- Práctica 4. Compostaxe
- Práctica 5. Técnicas de trampeo.

OFERTA **FORMATIVA**

CURSO DE HORTICULTURA

4.

Este curso programouse debido a ampla distribución territorial dos cultivos de horta en calquera punto da provincia e da tradicional cultura do agricultor galego de producir alimentos “naturais” para o consumo propio. Por elo, pretende contribuír a fortalecer outras iniciativas desenvolvidas pola Diputación Provincial de Lugo para potenciar os produtos lucenses de calidade.

PROGRAMA

TEORÍA

- Módulo 1: Introducción á agricultura ecolóxica
- Módulo 2: Principios da agricultura sostible e de conservación.
- Módulo 3: O cultivo ecolóxico de hortalizas.
- Módulo 4: Fertilización.
- Módulo 5: Protección fitosanitaria.
- Módulo 6: Seguridade e saúde no traballo.
- Módulo 7: Proceso de certificación
- Módulo 8: Mercado dos produtos ecolóxicos.

PRÁCTICA

- Práctica 1. Técnicas de mostraxe
- Práctica 2. Análise práctica da textura e pH do chan.
- Práctica 3. Taller de sementes.
- Práctica 4. Compostaxe.
- Práctica 5. Elaboración de fitosanitarios caseiros.

OFERTA **FORMATIVA**

CURSO DE VITIVINICULTURA

5.

Este curso pretende satisfacer a innovación que se poida producir no mercado vitivinícola coa entrada en vigor da nova normativa comunitaria en agosto de 2012, normativa que regula a elaboración do viño ecolóxico. A oportunidade que presenta o curso é de ter en conta, especialmente polos viticultores do sur da provincia de Lugo.

PROGRAMA

TEORÍA

- Módulo 1: Introducción á agricultura ecolóxica
- Módulo 2: Principios da agricultura sostible e de conservación.
- Módulo 3: Manexo do chan.
- Módulo 4: O cultivo da vide.
- Módulo 5: Protección fitosanitaria.
- Módulo 6: Tecnoloxías para a elaboración do viño ecolóxico.
- Módulo 7: Seguridade e saúde no traballo.
- Módulo 8: Proceso de certificación e mercado dos produtos ecolóxicos.

PRÁCTICA

- Práctica 1. Preparación do terreo.
- Práctica 2. Técnicas de podas.
- Práctica 3. Recoñecemento de pragas e/ou enfermidades
- Práctica 4. Elaboración e aplicación de fitosanitarios.
- Práctica 5. Sistemas de condución da vide.



CARACTERÍSTICAS DA FORMACIÓN

Dous niveis de formación: os cursos están dispoñibles atendendo a varios niveis de formación adaptados ao alumnos.

- Principiante: 150 horas (teoría e práctica) + 15 horas (experiencia piloto).
- Avanzado: 250 horas (teoría e práctica) + 25 horas (experiencia piloto).

TIPO CURSO	Principiante	Avanzado
Agricultura Ecolóxica Xeral	✓	✓
Castañicultura	✓	✓
Vitivinicultura	✓	✓
Horticultura	✓	✓
Fruticultura	✓	✓

Tres modalidades de formación: poderás escoller a opción que máis se adapte ás túas necesidades ofrecéndoches cursos presenciais, a distancia ou mixtos (con parte presencial e parte a distancia a través da plataforma de teleformación www.formacion.planintegralagricola.info).

Grupos reducidos de 15 a 25 persoas por curso.

Servizo de titorías personalizado.

(Os contidos dos cursos poderán sufrir modificacións en función do nivel e necesidades do grupo de alumnos).

DESTINATARIOS DOS CURSOS

Os cursos están dirixidos a agricultores, estudantes, desempregados, xóvenes, etc. da provincia de Lugo (agás os censados no concello de Lugo porque son destinatarios doutros programas europeos) sexa cal sexa a súa formación, situación laboral, etc.

Anímate e aproveita esta oportunidade de futuro que che ofrece a provincia de Lugo.

As actividades son totalmente gratuítas e contarás ademais cun servizo de asesoramento persoal para constituír, converter, ou modificar a túa empresa.

Fórmate en verde!!!

CONTACTA

Contacta, solicita información e inscríbete nos cursos:

Na web: www.planintegralagricola.info

No correo @: piagricultura@deputacionlugo.org

No teléfono: 982.881.878

ANEXO: NORMATIVA SOBRE PRODUCCIÓN ECOLÓXICA

Lexislación europea

Regulamento (CE) N° 834/2007 do Consello de 28 de xuño de 2007 sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) N° 2092/91.

Regulamento (CE) N° 889/2008 da Comisión do 5 de setembro de 2008 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) N° 834/2007 do Consello sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos, con respecto á produción ecolóxica, a súa etiquetaxe e o seu control.

Regulamento (CE) N° 1235/2008 da Comisión do 8 de decembro de 2008 polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) N° 834/2007 do Consello no que se refire ás importacións de produtos ecolóxicos procedentes de terceiros países.

Regulamento (UE) N° 271/2010 da Comisión do 24 de marzo de 2010 que modifica o Regulamento (CE) N° 889/2008 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) N° 834/2007 do Consello, no que atinxe ao logotipo de produción ecolóxica da Unión Europea.

Lexislación autonómica

Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega.

Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores.

Normas técnicas

Normas técnicas da produción ecolóxica de carácter xeral.

Normas técnicas da produción agraria ecolóxica xerais e específicas para produción vexetal.

Normas técnicas da produción agraria ecolóxica para a recolleita de produtos silvestres.

Normas técnicas da produción agraria ecolóxica para apicultura e produtos á apicultura.

Normas técnicas da produción agraria ecolóxica xerais para elaboración e específicas para determinadas industrias de elaboración e produtos elaborados.

LugO₂ - Deputación de Lugo - Praza San Marcos, 8 - 27001 LUGO - Tlf. 982 260 046
www.deputacionlugo.org - www.planintegralagricola.info



DEPUTACIÓN DE LUGO



"Una manera de hacer Europa"
Cofinanciado en un 80%

